

A ESCOLA DA VIDA

A eficiencia do sistema público

12.06.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Aestas alturas da crise, paréceme moi ben que nalgún sitio se empecen a tomar as medidas oportunas para inspeccionar as subvencións públicas. Estou falando das que concedeu a Consellería de Educación a algúns pais para comprarlles os libros aos seus fillos e, ou non as deberían ter pedido, por chegarlles os seus ingresos para iso, ou encubríron parte deles para que a subvención fose maior.

O feito de que estes pillabáns supoñan só un 2% do total dos solicitantes dá, por un lado, idea de que a maioría dos pais foron honrados coa Administración e de que esta, pola súa parte, non vai permitir que ningún listo salte as normas por poucos que estes sexan. Este ten que ser o camiño.

Moitos fomos os que estivemos cotizando toda a vida sen recibir nin un euro da Administración, nin por bolsas para os nosos fillos, porque non cumpríamos os requisitos nin pola compra de vivenda ou polo nacemento dun fillo porque non as había cando as mercamos ou os tivemos. Todo un mundo de momentos e de circunstancias fóronnos negando o facernos cun bocadiño do orzamento público con que outros resolveron algunha parte das súas vidas.

O único que queremos e pedimos todos os que sufragamos cos nosos impostos esas subvencións a particulares e empresas é que se lles dean a quen realmente o necesita. Doutro xeito, a Administración fai que nos consideremos uns estúpidos ao estarlle subministrando algo que, amén de non volver recuperalo individualmente por ningunha parte, pon a nosa honradez tamén en cuestión.

Pero se esa porcentaxe mínima de pais que nos defraudan económica e moralmente ao resto é perseguida por uns poucos euros, esperamos que eses autónomos e empresarios que se cobren de gloria con empregos mergullados e que supoñen para o resto graves agravios sexan á súa vez perseguidos, e que esas grandes empresas que se apuntan ás subvencións para implantarse nun sitio e que cando estas se acaban se deslocalizan facendo EREs tamén se lles esixan responsabilidades. E tampouco me esquezo deses políticos que se instalan nas comodidades dos postos públicos e que nin están sometidos a convenios nin a inspeccións.

Se esta crise serve para que se ollen todas estas cousas, benvida sexa, quizais todos sairemos dela gañando honestidade para o futuro.